

Guía rápida

Admisión FP 2024-2025



PRAZOS PARA CALQUERA SOLICITUDE



24 xuño desde as 9 h



ata o 4 xullo ás 13 h







 Unicamente será tida en conta a última solicitude realizada para cada oferta

Cursos de especialización

Solicitude

- »» Deberase cubrir **unha única** solicitude. → Nela poderase optar como máximo a catro cursos de especialización.
- »» A solicitude realizarase a través de: →  [Ciclosadmisión](#)
- »» A **aplicación avisará** se fose necesario achegar documentación. → Pódese engadir en soporte electrónico.
- »» Se se detectan erros na instancia validada poderase xerar e validar outra solicitude. → Pero só durante prazo de presentación de solicitudes.
- »» A aplicación informará se é necesario presentar **resgardo da solicitude e documentación** nun centro. → Sucede cando os datos non se achegan, son insuficientes ou non se dá permiso para que a Administración os consulte.



Requisitos de acceso

Estar en posesión dunha titulación específica de:

Grao medio

Grao superior

As persoas que non teñan os requisitos de titulación poderán solicitar matrícula en prazas liberadas:

- Nos cursos de grao medio, para un grupo de 20 prazas o **máximo** de persoas que poden ser admitidas é de **4**
- Nos cursos de grao superior non hai un número limitado de persoas que poidan ser admitidas nestas circunstancias

Consulta de información

Para a consulta da situación individual pódese usar:




- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal (exemplo, usuarios de NERTA).
- Chave 365.
- Certificado dixital.

Toda a **información** do proceso de admisión a FP pódese atopar en:




www.edu.xunta.gal/fp

Resolución provisional

-  O día **10 de xullo** poderase consultar a **resolución provisional**.
-  O prazo de **reclamacións** é desde o **día 10 ás 9:00 horas** ata o **12 de xullo ás 13:00 horas**.
-  Poderase consultar na ligazón [Ciclosadmisión](#)



Resolución definitiva

 O día **17 de xullo** poderase consultar a información da resolución de solicitudes para os cursos de especialización.

 Pódese consultar na ligazón [Ciclosadmisión](#)






Inicio

Benvidos a Ciclosadmisión (Curso 2024-2025)


Ciclosadmisión é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- Admisión a FP: ciclo medio e de ciclo superior e cursos de especialización en centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - O [asistente web](#) para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos só estará dispoñible durante os períodos de presentación de solicitudes.
 - Vídeo de axuda do asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos. [Prema aquí](#).
- Admisión centralizada, é dicir, a través deste asistente web, afecta a:
 - 1º curso de oferta ordinaria (antigamente 1º curso de réxime ordinario).
 - Oferta modular, tanto modalidade presencial como semipresencial ou a distancia (antigamente réxime para as persoas adultas).
 - 1º curso de FP dual intensiva (antigamente FP dual).
 - Cursos de especialización.
 - Probas libres de títulos LOE (habitualmente no mes de abril).

Adxudicación de praza e matrícula

-  O **17 de xullo** publicárase a relación de persoas admitidas e en espera en cada curso de especialización.
-  As persoas admitidas deberánse **matricular** desde o **día 17 ás 9:00 horas ata o día 22 de xullo ás 13:00 horas**.
-  De non facelo **perderán o dereito** a matrícula sobre as prazas adxudicadas.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#)
-  No caso de que algunha persoa renuncie ou non se matricule no curso de especialización adxudicado e haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar as persoas que se atopen nela a través do proceso de adxudicación continuada.

Adjudicación continuada

 No caso dos ciclos con listaxe de espera, abrirase o proceso de adjudicación de **prazas vacantes**.



O prazo abrirá:

- Entre o **24 de xullo ás 9 h e o 31 de xullo ás 13 h**.
- E entre o **2 de setembro ás 9:00 h. e o 5 de setembro ás 13:00 h**.



Os centros con prazas nesta situación efectuarán **chamamentos telefónicos** segundo a **listaxe de espera** para cubrir as prazas vacantes.



As chamadas efectuaranse aos **números** consignados na solicitude de admisión e haberá unicamente **tres intentos** separados por **media hora**.

Unha vez localizada a persoa ten dúas opcións:

 Renunciar.





É exclusivamente a esa praza.

 Aceptar.

Ten 24 horas para entregar toda a documentación para a matrícula e para iniciar o curso.

Non presentarse no prazo implica a perda da praza.

Liberación de prazas

-  Pódense liberar prazas vacantes para cursos de especialización **ata o 20 de setembro ás 13:00 horas.**
-  As persoas que sexan admitidas nun curso de especialización sen contar cun título de técnico ou técnico superior obterán unha certificación académica de realización con aproveitamento no canto do título de especialista ou de máster de Formación Profesional.
-  As persoas interesadas deberán formalizar a matrícula no centro educativo no que o curso de especialización teña prazas liberadas.
-  A matrícula realizarase no propio centro por orde de chegada, empregando o modelo dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-cursos-especializacion2024-20>

Acceso con titulación estranxeira

- »» Debido ás especiais características destas ensinanzas **só** será válida a **credencial definitiva de homologación**
- »» Para a adxudicación de prazas empregárase a nota media reflectida nela.
- »» No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación consignaráselle unha nota de cinco puntos.

 **Lembra!**

**No momento en que te matricules
para o curso 2024/25 en:**

ESO

Bacharelato

FP (*)

(*)aínda que sexa só FCT

**No momento en que teñas praza
adxudicada ou te matricules en:**

FP Dual Intensiva

Cursos de especialización

Finalizará a participación no
proceso de admisión e xa non será
adxudicada praza no resto de
opcións solicitadas (*)

(*) agás o disposto para matrícula simultánea